



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OUTES

Bases da convocatoria para a selección dun/dunha monitor/a-socorrista para a piscina municipal

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Selección dun/dunha MONITOR/A-SOCORRISTA para a piscina municipal do Concello de Outes, e ulterior constitución de bolsa de emprego, coa finalidade de cubrir cantas necesidades poidan xurdir en relación co persoal adscrito a este servizo, dándolle satisfacción de xeito efectivo e eficiente.

SEGUNDA.- CARACTERÍSTICA DA PRAZA

POSTO DE TRABALLO	MONITOR/A SOCORRISTA
NÚM. PRAZAS	1
RETRIBUCIÓN	En base ao Convenio colectivo de aplicación ao persoal laboral do Concello de Outes vixente nese momento.
MODALIDADE DO PROCESO DE SELECCIÓN	Concurso-oposición
MODALIDADE CONTRACTUAL	Contrato temporal de conformidade coa modalidade prevista no Real Decreto Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
XORNADA	Completa (40 h/semana)

TERCEIRA.- REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES.

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data na que remate o prazo de presentación de instancias:

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, de acordo co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
 - As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
 - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes.
 - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Ter o título que sinala a Base 4ª ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de solicitudes. As titulacións obtidas no estranxeiro deberán ser obxecto da correspondente validación ou homologación.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo á que se opta. As persoas con minusvalía serán admitidas en igualdade de condicións cos/as demais aspirantes sen que se establezan exclusións por limitacións psíquicas ou físicas, excepto nos casos en que sexan incompatibles co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou

especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso aos corpos ou escalas de funcionario e para exercer funcións similares as que desenvolvan no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ter nacionalidade doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non ter sido condenado/a por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual (artigo 13, apartado 5 da lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia).

Os anteriores requisitos deberán reunirse con referencia ao último día do prazo de presentación de solicitudes, e gozar deles ata a formalización do contrato laboral, sendo nulo o nomeamento das persoas aspirantes que estean incursas en causas de incapacidade segundo a normativa vixente.

CUARTA.- REQUISITOS PARTICULARES DAS PERSOAS PARTICIPANTES.

As persoas aspirantes que se presenten ó proceso de selección deberán reunir os seguintes requisitos específicos:

- a) A habilitación profesional para exercer a actividade de socorrismo en instalacións acuáticas.
- b) Estar inscritos/as no Rexistro profesional de socorristas acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto da Xunta de Galicia 104/2012, do 16 de marzo -DOG nº 67, do 9.04.2012 e Decreto 35/2017, de 30 de marzo de modificación do mesmo).

No seu caso, as titulacións obtidas no estranxeiro deberán ser obxecto da correspondente convalidación ou homologación.

QUINTA.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA.

Esta convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello <https://outes.gal/es> e no taboleiro de anuncios do Concello.

SEXTA.- SOLICITUDES.

As persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude dirixida á Alcaldía, axustada ao modelo que se prevé no Anexo II destas bases, á que achegarán os seguintes documentos:

- a) DNI;
- b) Títulos e autorizacións esixidas;
- c) Documentación xustificativa dos méritos que se aleguen;
- d) Declaración responsable de non estar inscrito/a no Rexistro Central de delinquentes sexuais e compromiso de certificación negativa se é seleccionado/a;
- e) Declaración de atoparse apto/a para a realización das probas físicas desta convocatoria.
- f) Acreditación coñecemento lingua galega (Celga 3 ou equivalente); para o caso de que as persoas aspirantes non acrediten estar en posesión do certificado de lingua galega ou ter a validación deste nivel, deberán superar unha proba de coñecemento segundo se detalla na base UNDÉCIMA da presente convocatoria.

Se algunha desta documentación xa estivera en poder do Concello, deberase indicar esta circunstancia expresamente e a anualidade en que se presentou.

SÉTIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes poderán presentarse na sede electrónica do Concello, accesible directamente a través do portal do Concello <https://outes.sedelectronica.gal/>; ou presencialmente no rexistro xeral do Concello, de luns a venres, en horario de 9:00h a 14:00h, así como por medio de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

OITAVA.- ADMISIÓN.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía aprobará a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, na que se indicarán, se é o caso, os motivos de exclusión, concedendo un prazo de emenda de 5 días hábiles. Na listaxe provisional publicarase tamén a previsión do número de sesións do tribunal. Unha vez rematado dito prazo, aprobarase, polo mesmo órgano, a listaxe definitiva de persoas admitidas neste proceso selectivo e tamén as datas previstas da realización das probas as persoas aspirantes.

A listaxe, ó igual que todos os acordos e resolucións do tribunal publicarase na páxina dixital do Concello- <https://outes.gal/es> – e no taboleiro de anuncios do Concello, identificándose as persoas aspirantes co seu nome e apelidos.

NOVENA.- FASE DE OPOSICIÓN

A fase de oposición constará na superación de dous exercicios que a continuación se indican:

1º PROBA TIPO TEST: de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar a un cuestionario de 30 preguntas tipo test (e tres de reserva) do contido relacionado co temario segundo o programa anexo á presente convocatoria (Anexo I). A resposta a cada unha das preguntas do test será seleccionada de entre tres posibles alternativas, sendo só válida unha delas, non puntuando de xeito negativo as respostas incorrectas. Para obter a puntuación nesta proba asignaranse 0,5 puntos por cada resposta correcta. Este exercicio puntuarase con un máximo de 15 puntos sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 7,5 puntos para superalo. O tempo para a realización deste exercicio será de 40 minutos.

2º PROBA FÍSICA: de carácter obrigatorio e eliminatorio.

Os/as socorristas realizarán a seguinte proba de aptitude física, que terá carácter obrigatorio e eliminatorio, e será a axeitada para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as función que van realizar. A puntuación máxima da presente proba será de 15 puntos sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 7,5 puntos para superala. Cada aspirante deberá acudir a proba co equipamento necesario para a súa execución.

Proba combinada con aletas:

A persoa aspirante situada na banquetta de saída da piscina introdúcese na auga (de pé ou de cabeza, segundo proposta do tribunal) e mergúllase ata o fondo da piscina.

A continuación percorre en apnea prolongada unha distancia de 15 metros.

Ascende á superficie e completa os primeiros 25 metros nadando estilo libre.

Posteriormente percorre 25 metros a estilo crol coa cabeza fóra, mantendo a visión fóra da auga, a orientación e a observación da contorna.

Seguidamente realizará 50 metros estilo braza.

Despois de percorridos, porá as aletas que están situadas nun extremo do bordo do vaso manténdose en flotación dinámica.

Despois de colocar as aletas, percorre 50 metros nadando a estilo de costas.

Segue 50 metros nadando a estilo crol e dáse por finalizada a proba.

A proba deberá realizarse nun tempo máximo de cinco minutos e trinta segundos (5' 30"). Sendo a puntuación da proba a seguinte:

Tempo	Puntuación
Maior a 5 minutos 30 segundos	Non supera a proba (eliminado do proceso selectivo)
5 minutos 30 segundos	7,5 puntos
Entre 5 minutos e 19 segundos e 5 minutos e 29 segundos	9 puntos
Entre 5 minutos e 5 minutos e 18 segundos	12 puntos
Menor a 5 minutos	15 puntos

O desenvolvemento dos exercicios celebrarase na Piscina Municipal de Outes. Para que a realización dun exercicio sexa considerada, ademais de realizalo da forma que indica o regulamento, deberá executarse no tempo indicado.

As persoas aspirantes que non realicen debidamente, en tempo e forma a proba serán declaradas non aptas e quedarán eliminadas do proceso de selección.

DÉCIMA.- FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

1. Formación: Os cursos, xornadas e seminarios de formación relacionados co posto de traballo que se convocan e que sexan realizados ou impartidos polas Administracións públicas ou federacións deportivas, ou homologados por elas, ata un máximo de 5,00 puntos:

- de menos de 15 horas: 0,10 puntos.
- de 16 a 40 horas: 0,20 puntos.
- de 41 a 70 horas. 0,35 puntos.
- de 71 a 100 horas: 0,50 puntos.
- de máis de 100 horas: 0,75 puntos.
- Outras titulacións relacionadas co posto: 0,75 puntos.

2. Experiencia:

- De socorrista (en instalacións acuáticas) en Administracións Públicas: 0,25 puntos/mes.
- De socorrista (en instalacións acuáticas) en empresas privadas: 0,20 puntos/mes.

Os servizos prestados por tempo inferior a un mes puntuaranse proporcionalmente tomando como base un mes de 30 días.

A experiencia laboral acreditarase mediante informe de vida laboral xunto con certificación expedida pola Administración correspondente ou contrato de traballo ou certificado de empresa, facendo constar a duración dos servizos prestados, denominación do posto e tarefas desenvoltas.

A puntuación máxima que se pode acadar pola experiencia será de 5,00 puntos.

UNDÉCIMA.- PROBA ESCRITA DE COÑECEMENTO DE GALEGO

Esta proba será cualificada como APTO/A ou NON APTO/A; e terá carácter eliminatorio, sendo a cualificación como NON APTO/A motivo de exclusión do procedemento selectivo (artigo 51 Lei de Emprego Público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).

Estarán exentas de realizar este exercicio as persoas que acrediten que posúen o Celga 3 ou o equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga). (DOG Núm. 34. 19 de febreiro de 2014). Non se admitirá a presentación de dita acreditación fora do prazo de presentación de instancias.

Unha vez rematada a fase de oposición, o Tribunal de selección convocará ás persoas candidatas que non acreditan posuír o diploma, certificado ou curso correspondente ao grao de coñecemento do idioma galego, á realización dunha proba escrita, de carácter eliminatorio, na que poidan acreditar tal coñecemento.

Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para acadar o resultado de apto/a, co apoio da persoa titular do Servizo de Normalización Lingüística do Concello.

DUODÉCIMA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

- Presidente: O técnico en promoción económica, D. Andrés Busto Allo, ou persoa que legalmente o substitúa.
- Vogais: A técnico-auxiliar de urbanismo, D^a Sofía Pérez Figueira, a traballadora social, D^a Berta Buján Casanova, e o auxiliar de servizos sociais D. Manuel Rama Dosil ou persoas que legalmente os substitúan.
- Secretaria: A educadora familiar do Concello, D^a Juana Pedrosa Leis, ou persoa que legalmente a substitúa.

O tribunal recadará para este proceso selectivo o apoio da Orientadora Laboral do Concello, D^a. Irene Espasandín Bermúdez, así como no persoal técnico de deportes do Concello para a realización da proba física.

Os membros do tribunal terán dereito ás indemnizacións por asistencias consonte os artigos 29 e seguintes do Real decreto 462/2002, do 24 de maio. Para este efectos o tribunal inclúese na categoría terceira do artigo 20 da dita norma.

DÉCIMO TERCEIRA- PUNTUACIÓN FINAL E NOMEAMENTO.

Os/as candidatos/as seleccionados/as serán os/as que obteñan máis puntuación global.

En caso de empate, acudirase aos seguintes criterios para efectuar o desempate:

- 1º: candidato/a que tivese realizado as probas física en menor tempo.
- 2º: candidato/a que tivese prestado por período superior os seus servizos para o Concello de Outes.

Rematado o proceso selectivo o tribunal formulará a proposta de resolución que conterà as persoas participantes ordenadas por puntuación de xeito decrecente. Á vista da antedita proposta, o órgano competente nomeará as persoas candidatas que obtiveron máis puntuación ata cubrir o número de prazas convocadas. Co resto de persoas candidatas admitidas, e que superaran o proceso, formaranse unha bolsa de traballo para cubrir posibles renuncias ou outras vacantes, ou para atender necesidades imprevistas e/ou futuras producidas en relación co persoal adscrito á piscina municipal.

DÉCIMO CUARTA.- REGLAS FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

Coas persoas candidatas non seleccionadas, constitúese unha bolsa de emprego para cubrir posibles vacantes ou para atender necesidades imprevistas suxeitas ás seguintes regras:

- 1) O/A aspirante disporá dun prazo máximo de cinco días hábiles desde o chamamento para presentar a correspondente documentación acreditativa. De non facelo, entenderase que perde os seus dereitos fronte á Corporación contratante, quedando rescindida a relación laboral e polo tanto decae da bolsa, e pasándose á seguinte persoa candidata na bolsa.
- 2) A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado implicará que o/a candidato/a pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A renuncia a dous chamamentos sen xustificar serán causa de expulsión da bolsa de emprego. Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta e polo tanto non pasará a persoa candidata ao último lugar da listaxe, quedando na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:
 - Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de Familia.
 - Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
 - Atoparse en situación de emprego activo temporal e non elixir cambiar de posto de traballo. Neste caso causará baixa temporal na lista e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego. Unha vez xustificado o anterior o aspirante pasará ao mesmo posto que ocupaba na bolsa.

A presentación da documentación para xustificar a renuncia ao chamamento efectuarase, unha vez comunicada por escrito ao Concello, no prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte ao chamamento efectuado polo Concello. Se nese prazo non aporta os xustificantes considerase causa sen xustificar e procederase de conformidade co punto 2.

3) Son causas de exclusión da bolsa de emprego as seguintes:

- a) Ter sido separado/a do servizo mediante expediente disciplinario sempre que exista unha resolución xudicial definitiva.
- b) A renuncia a dous chamamentos sen xustificar.
- c) Renuncia voluntaria.

DÉCIMO QUINTA.- NOMEAMENTOS E CESAMENTOS.

Poderán realizarse contratacións laborais temporais ao abeiro do artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto dos traballadores e do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e coa finalidade de substitución de postos de traballo da categoría convocada pola concorrencia dalgunha das seguintes causas: baixas por incapacidade temporal; redución de xornada e polo período que medie entre o inicio do proceso selectivo e a súa cobertura definitiva; acumulación de tarefas de carácter puntual do servizo (vacacións, situacións que impliquen a necesidade de reforzo puntual do servizo, etc.); calquera outra que esixa urxencia na contratación e outras necesidades circunstanciais do servizo.

Dito persoal cesará automaticamente cando desaparezan as circunstancias que motivaron o seu nomeamento determinadas no parágrafo anterior, ou ben finalice o proceso selectivo que se convoque para prover a cobertura definitiva do posto/s, de ser o caso.

Para poder efectuar a contratación, a persoa candidata deberá achegar no prazo de 5 días hábiles (a contar dende o día seguinte ao chamamento):

- Certificado médico ou informe de saúde de non padeceren enfermidade ou similar que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes ao posto ofertado.
- Certificación negativa de inscrición no Rexistro central de delincuentes sexuais
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Comprobada a documentación anterior procederase ao seu nomeamento. O cesamento producirase polo transcurso do prazo ou causa da contratación prevista ou mediante acordo do órgano competente de conformidade co establecido na lexislación vixente.

DÉCIMO SEXTA.- EXTINCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO.

A bolsa de emprego formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan as presentes bases, extinguirase unha vez transcorridos dous (2) anos a contar dende a data de publicación na páxina web do Concello da Resolución de Alcaldía que a aprobe, podendo ser obxecto de prórroga por causas debidamente motivadas por un ano máis.

DÉCIMO SÉTIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos formalizaranse por escrito coas persoas aspirantes seleccionadas no prazo máximo de cinco días desde que se publique o nomeamento. As persoas candidatas seleccionadas presentarán a documentación especificada no punto anterior. O contrato de traballo quedará suxeito a un período de proba de quince días, agás no caso dos monitores de tempo libre, que será de cinco días.

DÉCIMO OITAVA.- RETRIBUCIÓN.

As retribucións serán de conformidade co establecido no Convenio do persoal laboral do Concello de Outes.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA REGULADORA.

A convocatoria réxese polas presentes bases, o regulamento de selección de persoal laboral da Corporación e as normas reguladoras do persoal ao servizo das Administracións públicas. A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos ás Leis 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O contido da relación laboral réxese polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo Real Decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do estatuto dos traballadores, Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia e as súas disposicións complementarias.

VIXÉSIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que se faciliten para participar neste proceso de selección incorporaranse nun ou varios ficheiros cuxo responsable é o Concello de Outes con sede na rúa da Vila n ° 1 OUTES, onde se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Coa participación no proceso de selección, as persoas interesadas consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera. Así mesmo, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello para os efectos da publicidade esixida no procedemento de contratación, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

ANEXO I.- TEMARIO**Parte xeral:**

- 1.-A Constitución española de 1978. Principios, dereitos e deberes das e dos españois.
- 2.-A organización territorial do Estado: a administración local e as comunidades autónomas. O Estatuto de Autonomía de Galicia.
- 3.- O acto administrativo: concepto, clases elementos.
- 4.- O procedemento administrativo e a súas fases. Os medios electrónicos aplicados ao procedemento administrativo común. A iniciación do procedemento: clases, emenda e mellora de solicitudes.
- 5.- O municipio. Poboación e termo municipal. Organización e competencias.
- 6.- Fontes do Dereito local. Potestade normativa: regulamentos e ordenanzas. Procedemento de elaboración. Regulamento orgánico. Os Bandos.
- 7.- Empregados públicos: dereitos, clases e réxime xurídico. Políticas de igualdade e contra a violencia de xénero nas Administracións Públicas.

Parte específica:

- 8.- Decreto 119/2019 do 19 de setembro polo que se regulan os criterios hixiénico-sanitarios das piscinas de Galicia.
- 9.- Real Decreto 742 /2013 do 27 de setembro, polo que se establecen os criterios técnico-sanitarios das piscinas.
- 10.- Real Decreto 103/2005 do 6 de maio polo que se establece a regulamentación técnico- sanitaria das piscinas de uso colectivo.
- 11.- Principios xerais do salvamento acuático.
- 12.- Seguridade en instalacións deportivas. Vasos de piscina.
- 13.- Afogamentos. Actuación e rescate da persoa afogada.
- 14.- Métodos de remolque en salvamento acuático. Definición e tipos.
Mobilización e inmovilización de persoas con traumatismos. Técnicas de mobilización.
- 15.- Feridas e hemorrxias. Tipos e tratamento.
- 16.- RCP e obstrución da vía aérea. Secuencia de actuación en accidentados.

ANEXO II.- MODELO DE INSTANCIA

D./D^a. _____ co D.N.I. núm. _____ e enderezo a efectos de notificacións en _____ Rúa _____ nº _____ piso _____ C.P. _____.

- Teléfono.: _____
- Correo electrónico: _____

Medio de notificación preferente (marque cun "x"):

- Correo electrónico
- Correo ordinario

Informado/a da convocatoria que realiza o Concello de Outes, para unha praza de MONITOR-A/SOCORRISTA da piscina municipal do Concello de Outes, de acordo ás bases publicadas en _____, que declara coñecer e aceptar;

Tendo en conta que cumpre todos os requisitos esixidos nas bases e comprometéndose a achegar os documentos acreditativos destes no suposto de ser seleccionado/a,

SOLICITA:

Ser admitido/a ao proceso de selección convocado, para o que achega:

- D.N.I.
- Documentos acreditativos dos méritos que se aleguen ao obxecto da súa valoración no concurso.
- Acreditación do nivel de CELGA 3.

Do mesmo xeito, tal e como esixen as bases da convocatoria no seu apartado sétimo, **DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

- Non estar inscrito/a no Rexistro Central de delincuentes sexuais, comprometéndome a achegar a correspondente documentación acreditativa no caso de resultar seleccionado/a;
- Atoparme apto/a para a realización das probas físicas desta convocatoria.

En _____, a _____ de _____ de 2022.

Asdo.

Á ALCALDÍA DO CONCELLO DE OUTES.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (B.O.E. 294, do 6 de decembro de 2018), os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Outes relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello. O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

Outes, 27 de setembro de 2022

O alcalde

D. Manuel González López

2022/6020